



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2013.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

D. José Manuel Raposo López.

D. José Fernando García Lesta.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 2 de agosto de 2013, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 21 DE XUÑO DE 2013 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE XULLO DE 2013.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador das actas correspondente ás sesións sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Manifesta o Sr. Alcalde que xa saben que ponse a súa disposición este informe, que recolle uns estadillos que resultan do programa informático de contabilidade, no que se



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

pon de manifesto que neste último trimestre non existen obrigas pendentes de pago de máis de tres meses nin se aboaron intereses de demora. Non sei se queren facer algunha consideración ó respecto.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

3. DAR CONTA DA PERSONACIÓN DO CONCELLO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4199/2013 ANTE O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA.

O Sr. Alcalde da conta do acordo da Xunta de Goberno Local de vinte de xuño do presente ano e que, de seguido, se transcribe:

“DESIGNACIÓN DE REPRESENTACIÓN E DEFENSA DO CONCELLO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4199/2013.

En data 17 de xuño de 2013 recíbese neste concello escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, no que se comunica a interposición ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Sección 2ª do Contencioso – administrativo, recurso contencioso - administrativo procedemento ordinario 4199/2013 interposto por D. Antonio Sánchez Carro contra a Resolución de 26 de decembro de 2012, sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía, ós efectos de que o Concello poida comparecer e persoarse nos autos ante aquel órgano xudicial no prazo de nove días.

De conformidade co disposto no artigo 22.2. j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, en relación co acordo de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local de data 24 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Comparecer e persoarse no procedemento ordinario 4199/2013 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Encomendar a defensa no antedito procedemento a Dª María Jesús Matovelle Gómez (número de colexiado 726 do ilustre colexio de avogados de Santiago de Compostela).

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados.”

Manifesta o Sr. Alcalde que este tema xa o comentamos no seu día e tamén as novas que se vaian producindo se lles irán poñendo de manifesto.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Álvarez que desexa presentar unha moción de rexeitamento de actuacións violentas, especialmente por parte da banda Resistencia Galega. Coñecendo ós membros desta corporación estou convencido de que todos imos a estar de acordo.

Sometida a votación a urxencia do asunto acádase o seguinte resultado: unanimidade de concelleiros presentes.

De seguido o Sr. Álvarez da lectura á moción que, de seguido, se transcribe:

“O Grupo Municipal Popular no Concello de Mesía, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicando en varios casos. Entre eles está múltiples atentados consistentes na colocación e detonación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financieras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionadas co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Mesía eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.*
- 2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destes actos.*
- 3. Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.”*

Sometido o asunto a votación, acádase o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

De seguido os concelleiros do Pleno de Mesía desexan presentar unha moción conxunta pola catástrofe ferroviaria acontecida en Santiago de Compostela o 24 de xullo do actual.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sometida a votación a urxencia do asunto acádase o seguinte resultado: unanimidade de concelleiros presentes.

De seguido transcríbese a citada moción:

“MOCIÓN DE TODOS OS PARTIDOS POLÍTICOS DO CONCELLO DE MESÍA POLA CATÁSTROFE FERROVIARIA ACONTECIDA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 24 DE XULLO DO ACTUAL

O día 24 de xullo de 2013 tivo lugar en Santiago de Compostela un tráxico accidente de tren que levou por diante a vida de moita xente e encheu de tristeza o corazón de todos.

Os habitantes de Angrois, lugar onde descarrilou o dito tren, mobilizáronse rapidamente para atender ás vítimas e prestar axuda.

Os Corpos de Seguridade (Axentes de Policía Local, Nacional e da Garda Civil), bombeiros, membros de Protección Civil, do 061, da Cruz Vermella, numerosos profesionais sanitarios, que se atopaban fóra do seu horario laboral na cidade ou en localidades próximas, e un elevado número de voluntarios acercáronse para ofrecer a súa colaboración na atención ás vítimas tanto no lugar do suceso como no servizo de urxencias dos hospitais a onde foron trasladados os feridos.

A resposta cidadá para doar sangue foi espectacular dende o primeiro momento en que se fixo o chamamento de urxencia.

En definitiva, esta traxedia produciu unha enorme ola de solidariedade e cooperación coas vítimas.

A Corporación Municipal do Concello de Mesía, na súa representación e en nome de todos os veciños e veciñas, quere trasladar a súa solidariedade ás familias das persoas falecidas así como a todas aquelas que resultaron feridas, ás que lles desexan unha recuperación rápida.

E presenta ante o Pleno, para a súa aprobación, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Recoñecer tanto o esforzo e a labor dos profesionais que traballaron para atender ás vítimas como o meritorio comportamento dos veciños e veciñas de Angrois e dos voluntarios que prestaron o seu apoio de diferentes formas.

Segundo.- Remitir ao Concello de Santiago de Compostela este recoñecemento co fin de que sexa trasladado, da maneira que considere oportuna, á toda a veciñanza de Angrois.”

Sometido o asunto a votación, acádase o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (177/2013 a 255/2013).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 23 DE MAIO, 6 DE XUÑO, 20 DE XUÑO E 4 DE XULLO DE 2013.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,